



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 22.09.2020**

LUGAR: Sala I do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 22.09.2020

HORA DE COMEZO: 12:00 h.

HORA DE REMATE: 12:45 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

ESCUSAN ASISTENCIA

D. César Blanco Gómez

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 22 de setembro de 2020, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.05.2020).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola organización das Xornadas dixitais sobre Tecnoloxías e Solucións para a automatización industrial "Dixital JAI2020".
4. Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a actividade "Cóntancho as Matemáticas", dirixida a fomentar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora e promover a igualdade de xénero entre o estudiantado do terceiro ciclo de Educación primaria.
5. Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para o patrocinio do VIII Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, coa presenza de expertos a nivel nacional.
6. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido dende a Vicerreitoría de Captación de alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para fomentar as competencias dixitais dos alumnos nos tres Campus.
7. Aprobación, se procede, da proposta de re-definición e ampliación da web corporativa do Consello Social, para incorporar unha maior presenza de contidos específicos referidos á Responsabilidade Social e Transparencia da UVigo.
8. Revisión da axuda concedida na sesión do 21.05.2020, para a organización da sétima edición do "Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento".
9. Rogos e preguntas.

Os asistentes reciben exemplares da carpeta guía que patrocina o Consello Social para distribuír entre os estudantes da UVigo. O presidente agradécelles a asistencia "á primeira reunión presencial que se celebra dende o pasado mes de marzo".

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.05.2020).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Dá conta Ernesto Pedrosa da relación de axudas concedidas pola Comisión ata a fecha. Así mesmo informa da suspensión da convocatoria das "Bolsas Ourense exterior" que contaban con subvención do Consello Social.

PUNTO 3

Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola organización das Xornadas dixitais sobre Tecnoloxías e Solucións para a automatización industrial "Dixital JAI2020".

Explica o presidente que se trata dunha aposta polo achegamento e a difusión aos avances tecnolóxicos para a automatización das plantas industriais modernas. Expertos debaterán durante cinco días sobre produtos e solucións e mesmo sobre novidades na robótica social e industrial.



Organizadas pola Escola de Enxeñaría Industrial, tamén darán a coñecer os traballos de investigación que se están a facer na UVigo neste campo. As últimas edicións rexistraron unha elevada participación, e nesta –que será virtual- a publicación do evento en LinkedIn contabiliza xa 2.600 inscritos.

- **Concédese unha axuda de 7.500 €.**

PUNTO 4

Acordo que proceda sobre a solicitude de axuda para a actividade "Cóntancho as Matemáticas", dirixida a fomentar a cultura científica, tecnolóxica e innovadora e promover a igualdade de xénero entre o estudantado do terceiro ciclo de Educación primaria.

A proposta preséntase cos obxectivos de estimular vocacións matemáticas entre estudantes de Educación Primaria, fomentar unha maior incorporación das mulleres á carreira científica matemática, e orientar a aprendizaxe das matemática ás aplicacións na vida cotiá. A iniciativa está promovida por un equipo formado por profesorado universitario, persoal investigador e profesorado de Educación primaria. O programa prevé que en cada un dos obradoiros ou encontros participen directamente un mínimo de 400 escolares e 50 docentes de Educación Primaria. Os presentes apuntan á conveniencia de que a actividade se estenda tamén ao ámbito do Campus de Ourense en vindeiras convocatorias.

- **Apróbase unha axuda de 2.660 € para as actividades a desenvolver en 2020.**

PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a petición de axuda presentada para o patrocinio do VIII Ciclo de conferencias de Dereito Concursal, coa presenza de expertos a nivel nacional.

Organizado dende o ano 2013 pola Área de Dereito Mercantil da UVigo, este ciclo ten como obxectivo analizar as cuestións prácticas de máxima importancia que afectan ao proceso concursal, e achegar aos estudantes da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo –e aos interesados en xeral- as experiencias de recoñecidos profesionais a nivel nacional. O presidente subliña o alto nivel do programa, e propón manter a axuda da pasada edición, tendo tamén en conta que esgota a posibilidade de continuar coas axudas do Consello Social por superar a sexta edición recibindo apoio. Feitas varias consideracións por parte dos asistentes, a Comisión ACORDA:

- **Aprobar unha axuda de 1.000 €.**

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio ao programa "eDestrezas", promovido dende a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para fomentar as competencias dixitais dos alumnos nos tres Campus.

Ernesto Pedrosa sinala que se trata dun programa gratuíto, impulsado polo Consello Social en colaboración coa Vicerreitoría de Captación de Alumnado, dirixido a mellorar as competencias dixitais do estudantado, o PDI e o PAS da UVigo. Os contidos formativos foron definidos en reunións con representantes das delegacións de alumnos. Os cursos impartiranse maioritariamente de xeito non presencial síncrona (mediante videoconferencia), e adquire especial relevancia no actual contexto, no que a universidade debe responder con maior motivo ás novas expectativas como a aprendizaxe ao longo da vida, o desenvolvemento de habilidades multidisciplinares e as competencias no uso e manexo da información. Engade o presidente que "mais alá, na situación sobrevida pola Covid-19, as competencias dixitais son neste tempo unha necesidade e unha esixencia dos actuais sistemas de ensinanza". A Comisión ACORDA:

- **Elevar ao Pleno a proposta de aportar 12.000 euros para executar o programa en 2021.**



PUNTO 7

Aprobación, se procede, da proposta de re-definición e ampliación da web corporativa do Consello Social, para incorporar unha maior presenza de contidos específicos referidos á Responsabilidade Social e Transparencia da UVigo.

Coa intención de contribuír á maior transparencia da UVigo, o Consello Social levará a cabo unha re-definición da súa páxina web, a fin de cumprir máis axeitadamente con todos os indicadores e requisitos establecidos pola Fundación Compromiso e Transparencia, que cada exercicio elabora e difunde un exame de transparencia das universidades españolas. Con este motivo preséntase esta proposta, que se pon en marcha co asesoramento da Unidade de Análisis e Programas da UVigo. Os asistentes conveñen na importancia da iniciativa.

- ***Apróbase unha aportación de 2.150 € + IVE para levar a cabo os traballos precisos.***

PUNTO 8

Revisión da axuda concedida na sesión do 21.05.2020, para a organización da sétima edición do "Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento".

Remítese Ernesto Pedrosa á reunión mantida pola Comisión o pasado 25 de maio, na que se concedeu unha axuda para a organización do "Pont Up Store 2020: espazo de emprendemento" condicionada entón a que se desenvolvera de xeito presencial. Tendo en conta as medidas restritivas, fundamentalmente sanitarias, que afectaron ao evento, a programación formativa desprazouse ao formato online, polo que a organización solicita que se manteña a axuda económica nas circunstancias sobrevidas, ben sexa con asistencia presencial, participación telemática ou un modelo mixto.

- ***Apróbase a modificación.***

PUNTO 9

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:45 horas do 22 de setembro, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias